

# Ménsulas e canzorros medievais no Museo Provincial de Lugo

---

Ignacio Cabarcos Fernández

**Resumo:** Neste estudo catalóganse e preséntanse as ménsulas e canzorros de época medieval custodiados polo Museo Provincial de Lugo. Trátase dun conxunto, interesante e de evidente valor histórico e arqueolóxico, de cinco pezas. Delas unha é prerrománica —constituíndo o primeiro exemplo lucense publicado dun ben definido tipo de ménsula prerrománica—, tres románicas e unha gótica.

**Resumen:** En este estudio se catalogan y presentan las ménsulas y canecillos de época medieval custodiados por el Museo Provincial de Lugo. Se trata de un conjunto, interesante y de evidente valor histórico y arqueológico, de cinco piezas. De ellas una es prerrománica —constituyendo posiblemente el primer ejemplo lucense publicado de un bien definido tipo de ménsula prerrománica—, tres románicas y una gótica.

## Introdución

Dentro dos fondos medievais conservados polo Museo Provincial de Lugo encóntrase un grupo de catro pezas e —posiblemente— un fragmento doutra<sup>1</sup> que teñen en común a súa funcionalidade, compoñéndose dunha ménsula e de catro canzorros, e a súa adscrición cronolóxica e cultural, data da Idade Media.

Estas son as únicas características que comparten, posto que difiren tanto pola diversidade das súas procedencias —unha e, probablemente, outra proceden da cidade de Lugo, mentres que outras dúas fano do actual concello lucense de Palas de Rei— como pola súa atribución cultural concreta dentro do período medieval.

Así, unha constitúe o primeiro exemplo lucense dun tipo de ménsula prerrománica da que en Galicia se coñecían varios exemplares na actual provincia de Ourense<sup>2</sup>, tres son adscribibles ao

---

1 Vid. *infra* o estudo desta peza, á que lle asignamos o número 2.

2 Vid. *infra* o estudo desta peza, á que lle asignamos o número 1.

románico<sup>3</sup> e, por último, unha constitúe un bo exemplo dos canzorros góticos de tradición románica característicos do gótico lucense posterior a mediados do século XIV<sup>4</sup>.

Os tres canzorros que consideramos románicos deben ser encadrados na vertente máis popular deste estilo, sendo a súa rusticidade posiblemente máis o froito da escasa habilidade dos canzteiros que as tallaron e das escasas pretensións artísticas dos edificios dos que formaron parte que dunha cronoloxía temperá.

Se ben tampouco a peza número 1 (prerrománica) nin a 5 (gótica) poden ser encadradas entre as grandes mostras da escultura dos seus estilos respectivos, non desentoan en absoluto entre as pezas de igual funcionalidade e cronoloxía, sempre marcadas polo seu utilitarismo.

Ademais, o seu valor histórico e arqueolóxico resulta evidente.

A n.º 1 constitúe o primeiro exemplo coñecido en Galicia, fóra da provincia de Ourense, dun tipo de ménsula prerrománica ben definido e, posiblemente, indica unha maior antigüidade para a igrexa de Santa María de Marzá, na que se atopou, da que ata agora tiñamos testemuñada.

O canzorro n.º 5, moi probablemente procedente da cidade de Lugo, adecúase aos esquemas escultóricos dun dos talleres góticos estudados por C. Manso Porto, o “Taller Lucense I”, e permítenos entrever un pouco as características artísticas e estilísticas de edificios góticos lucenses ben testemuñados documentalmente pero cuxa materialidade descoñecemos, ao ser destruídos durante a renovación urbanística da cidade durante o Barroco.

Outra característica común é que non foi —ata onde eu sei— nunca publicada<sup>5</sup>. Pese a non trátase, evidentemente, de mostras de “arte maior” medieval, senón de obras máis de artesáns que de artistas, elementos de funcionalidade arquitectónica precisa e utilitaria cuxa decoración ten poucas pretensións de transcendencia artística, consideramos que o seu valor histórico e arqueolóxico as fan merecedoras de ser dadas a coñecer aos investigadores e ao público interesado en xeral. Dada a disparidade cronolóxica e estilística a que nos referimos, este traballo concéntrase no estudo individual de cada peza, utilizando como base o modelo de ficha empregado no sistema de documentación do Museo Provincial de Lugo<sup>6</sup>, loxicamente adaptado nesta ocasión ás características específicas destas pezas.

---

3 Pezas 2, 3 e 4.

4 Peza estudada como número 5.

5 As pezas números 3, 4 e 5 foron estudadas por M.ª E. VARELA ARIAS, *La escultura medieval en el Museo Provincial de Lugo: Ensayo de catalogación*, Santiago de Compostela, 1984, unha tese de licenciatura seria e rigorosa, por desgraza aínda inédita. Aínda que non sempre poida estar de acordo coas súas conclusións, estas foron tidas en conta para este traballo, como queda reflectido nas citas que nel se fan.

6 Sobre este modelo vid. LÓPEZ GIL, E.: “Proyecto de documentación de los fondos museográficos del Museo Provincial de Lugo”, *Boletín del Museo Provincial de Lugo*, VIII, vol. 2, 1997-1998, pp. 35-48.

## ESTUDO-CATÁLOGO



### Peza 1. Ménsula de rolos verticais

**Sección:** Arqueoloxía / Historia

**Número de rexistro de entrada:** 8132

**Cultura:** prerrománica

**Data da peza:** século X

**Materia:** granito

**Dimensións:** 27 × 17 × 64 cm

**Estado de conservación:** bastante bo

**Datos descritivos e complementarios:** bloque granítico aproximadamente rectangular cun amplo segmento de círculo nun dos seus extremos, no que concentra a decoración.

As súas dúas caras laterais decóranse cunha circunferencia concéntrica ao segmento de círculo na que se talla en baixorrelevo unha rosácea octifolia.

Na súa fronte catro incisións paralelas delimitan cinco baquetas ou rolos verticais, que rematan nunha prominencia lisa que se adianta uns cinco centímetros da fronte circular.

**Forma de ingreso:** doazón dos grupos de Misión Rescate números 52, 53 e 589 do Colexio da Inmaculada.

**Fonte de ingreso (procedencia):** igrexa parroquial de Santa María de Marzá, Palas de Rei, Lugo

**Conservación e restauración:** esta peza presenta en liñas xerais un estado de conservación relativamente bo.

Ten unha fractura de certa importancia na súa parte superior, que non afecta á súa zona decorada. Nesta existen pequenas fracturas e certa erosión nas súas esquinas e partes saíntes.



**Notas e observacións:** esta peza inédita constitúe o primeiro exemplo lucense coñecido dun tipo de ménsula prerrománica do que conservamos varios exemplares na actual provincia de Ourense.

Este conxunto de ménsulas con rolos verticais ourensáns presentan grandes analogías entre si, o que non exclúe pequenas variantes na súa estrutura e decoración. Foi estudado por J. Lorenzo Fernández<sup>7</sup>, X. C. Rivas Fernández<sup>8</sup> e R. Yzquierdo Perrín<sup>9</sup>, que o datan no século X e principios do XI<sup>10</sup>. Trátase dunha tipoloxía con precedentes visigóticos e asturianos<sup>11</sup>, que conviviu en paralelo cos típicos modillóns de rolos mozárabes<sup>12</sup>.

Compóñeno dous exemplares de San Miguel do Canal<sup>13</sup>, un de San Xoán do Cachón<sup>14</sup> (ambos na parroquia de Santo Estevo de Ribas de Sil, Nogueira de Ramuín), un de San Miguel de Bóveda (San Paio de Bóveda, Amoeiro)<sup>15</sup>, tres de Santa María de Mixós (San Mamede de Estevesiños, Monterrei)<sup>16</sup> e dúas de Santa Ouxea ad Portum Abbatis (San Lourenzo de Piñor, Barbadás)<sup>17</sup>.

Dentro deste conxunto, a ménsula de Marzá presenta as súas maiores similitudes coas de San Miguel de Bóveda e Santa María de Mixós. Coa primeira comparte unha forma xeral virtualmente idéntica e o mesmo número de baquetas na súa parte frontal, aínda que na ménsula ourensá falte a decoración das caras laterais, pois foi repicada<sup>18</sup>. Esta consérvase nas pezas de Mixós, que coincide coa aquí estudada na decoración lateral con base nun círculo cunha rosácea no seu interior<sup>19</sup>,

7 LORENZO FERNÁNDEZ, J.: “La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós”, *Boletín Avriense*, Ano I, Ourense, 1971, tomo I, pp. 95-99 e 107-109.

8 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., “Algunas consideraciones sobre el prerrománico gallego y sus arcos de herradura geminados”, *Boletín Avriense*, Año I, Ourense, 1971, Tomo I, pp. 70-71; ÍD., “Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios orensanos”, *Boletín Avriense*, Ano XI, Ourense, 1981, Tomo XI, pp. 55-57, 73-74 y 77-79; ÍD., “Ménsula prerrománica de rolos verticais”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (DIR.); CALVO DOMÍNGUEZ, M. (coord.): *La Ribeira Sacra: esencia de espiritualidad de Galicia*, Santiago de Compostela, 2004, pp. 354-355.

9 YZQUIERDO PERRÍN, R.: *Galicia. Arte. Tomo X. Arte medieval I*, A Coruña, 1993, pp. 149-150.

10 Cronoloxía proposta para os exemplares de Santa Ouxea ad Portum Abbatis por RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1981, p. 77.

11 LORENZO FERNÁNDEZ, J.: *Art. cit.*, p. 99, sinala como precedentes ménsulas visigodas de San Juan de Baños e Santa Comba de Bande, e p. 107 en Santullano e San Tirso de Oviedo, Goviendes, Bedriñana, Llera, Lena e Valdediós. Para RIVAS FERNÁNDEZ, X.C., 1981, pp. 56-57, serían mozárabes con precedentes na arte prerrománica asturiana. YZQUIERDO PERRÍN, R., 1993, p. 149 considéraos “unha derivación dos modillóns que se fixeran en etapas anteriores, tanto visigoda como asturiana”.

12 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 2004, p. 354.

13 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1981, pp. 54-57, fig. 3 de p. 55. YZQUIERDO PERRÍN, 1993, p. 149.

14 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1981, p. 61 e fig. 5 de p. 61. YZQUIERDO PERRÍN, 1993, p. 149

15 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1981, pp. 73-75, fig. 10 de p. 74 e Lámina XI b e c; RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 2004, pp. 354-355; YZQUIERDO PERRÍN, 1993, p. 149 e foto de p. 151.

16 LORENZO FERNÁNDEZ, J.: *Art. cit.*, pp. 95-99 e fig. 15 de p. 96. RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1971, p. 70 e foto 2 de p. 71. YZQUIERDO PERRÍN, 1993, p. 149.

17 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1981, pp. 77-79 e fig. 12 de p. 78. YZQUIERDO PERRÍN, 1993, p. 149.

18 RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 1981, p. 74; RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 2004, p. 354, menciona este repicado e a posibilidade de que borrarse unha decoración orixinaria.

19 Aínda que nas ménsulas de Mixós a rosácea é de 6 e non de 8 brazos, e é incisa, non en baixorrelevo.

así como o mesmo número de rolos verticais frontais, aínda que a súa estrutura presenta leves diferenzas coa de Marzá<sup>20</sup>.

Considerando estas analoxías, esta ménsula prerrománica debe compartir a cronoloxía asignada ás de Bóveda e Mixós, datadas no século X<sup>21</sup>.

Estariamos moi probablemente ante un vestixio dunha etapa prerrománica da igrexa de Santa María de Marzá, etapa polo demais descoñecida, pero que foi conxecturada por algúns autores que se ocuparon desta igrexa, como por exemplo J. Delgado Gómez<sup>22</sup>. Quizais sexa vinculable á existencia dun mosteiro altomedieval, como nos casos de Bóveda e Mixós<sup>23</sup>.

A actual igrexa de Marzá é en parte románica, excepto na súa fachada e no muro sur, refeitos na época moderna<sup>24</sup>.

Posiblemente na provincia de Lugo teñamos outra ménsula prerrománica deste tipo reutilizada na igrexa de 1719 de San Tomé de Tórdea (Castroverde)<sup>25</sup>, que conta con abundantes restos prerrománicos estudados por J. Delgado Gómez<sup>26</sup>. Na súa fachada, baixo outra peza prerrománica de distinta forma, pero parecida decoración, encóntrase o que parece un fragmento dunha ménsula análoga, composta por un bloque rectangular cunha espiral gravada no seu extremo, e cun remate circular decorado no seu lateral visible cun círculo inciso concéntrico, en cuxo interior se grava unha cruz con dous trazos inclinados entre os seus ángulos superiores<sup>27</sup>.

---

20 A parte posterior é máis regular, e a parte circular frontal está delimitada por dúas prominencias, non por unha como en Bóveda e Marzá.

21 Para a datación da ménsula de Bóveda vid. RIVAS FERNÁNDEZ, X. C., 2004, p. 354; no século X datan a igrexa de Santa María de Mixós NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *Historia da arquitectura galega. Arquitectura prerrománica*, Madrid, 1978, p. 211, e YZQUIERDO PERRÍN, R., 1993, p. 145.

22 DELGADO GÓMEZ, J.: *El románico de Lugo y su provincia*, A Coruña, 1996-2005, tomo III, pp. 344-345.

23 Ésta é a opinión de DELGADO GÓMEZ, J.: *Op. cit.*, III, p. 344. Para o mosteiro altomedieval de San Miguel de Bóveda pode verse o moi actual resumo do estado da cuestión en FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A.: *O mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda na Idade Media. Estudo histórico e colección documental (séculos XII-XV)*, Noia, 2005, pp. 23-27. Para o de Santa María de Mixós LORENZO FERNÁNDEZ, J.: *Art. cit.*, pp. 75-79.

24 VÁZQUEZ SACO, F.: "Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas. Papeleta 108. Iglesia parroquial de Santa María de Marzá", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, IV, n.º 33, 1950, pp. 31-33; DELGADO GÓMEZ, J.: *Op. cit.*, III, pp. 343-355; YZQUIERDO PERRÍN, R.: *La arquitectura románica en Lugo. Parroquias al Oeste del Miño*, A Coruña, 1983, pp. 167-169.

25 Estuda esta igrexa DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, V, pp. 52-60.

26 DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, II, pp. 53-54 y 56-58.

27 DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, II, ilustr. 57 de p. 58. Para este autor (p. 56), esta peza e a outra que se atopa sobre ela reutilizada nesta fachada serían restos dun friso visigótico.



## Peza 2. Posible remate de canzorro de decoración xeométrica

**Sección:** Arqueoloxía / Historia

**Número de rexistro de entrada:** 8133

**Cultura:** Posiblemente románica

**Data da peza:** finais do século XII-comezos do XIII

**Materia:** granito

**Dimensións:** 18,5 × 13,5 × 9,5 cm

**Estado de conservación:** bo, no fragmento conservado

**Datos descritivos e complementarios:** Peza aproximadamente cilíndrica cos seus dous lados, máis ou menos de forma circular, decorados cun rolo ou voluta en espiral, separados por unha acanaladura cóncava.

En toda a súa parte posterior presenta un corte de fractura, polo que esta peza orixinariamente se prolongaría por esta parte.

**Forma de ingreso:** doazón dos Grupos de Misión Rescate números 52, 53 y 589 do Colexio da Inmaculada.

**Fonte de ingreso (procedencia):** igrexa parroquial de San Pedro de Vilareda, Palas de Rei, Lugo.

**Data de ingreso:** 25 de xuño de 1975.

**Conservación e restauración:** tendo en conta que estamos claramente ante un simple fragmento da peza orixinal, a parte conservada presenta un bo estado de conservación, sen fracturas nin erosións de importancia.

**Notas e observacións:** Estamos ante unha peza que, debido ao seu carácter fragmentario e á súa decoración un tanto intemporal, resulta difícil de adscribir a unha cultura ou cronoloxía concretas.

A fractura que se aprecia en toda a súa parte posterior indícanos que se trata simplemente dun fragmento dunha peza orixinaria de funcionalidade, en principio, difícil de precisar.

Non obstante, o lugar do seu achado, xunto a unha igrexa en parte románica, así como certas analoxías parciais con pezas románicas conservadas *in situ*, permítenos aventurar unha identificación, aínda que hipotética e con bastantes reservas.

Foi atopada no ámbito da igrexa parroquial de San Pedro de Vilareda, que conta con restos dunha etapa construtiva románica, da que só chegou aos nosos días a súa porta principal<sup>28</sup>.

Ademais desta asociación espacial, esta peza conta con analoxías con algúns canzorros de decoración xeométrica, cos seus extremos decorados en rolo, presentes nalgunhas igrexas románicas da nosa provincia. Por exemplo, existen exemplares con extremos decorados en rolos moi parecidos ao da peza que nos ocupa en San Salvador de Brigos<sup>29</sup>, San Xusto de Repostería<sup>30</sup>, San Salvador de Toirán<sup>31</sup>, Santa María de Marzá<sup>32</sup>, San Martiño de Cumbras<sup>33</sup>, San Martiño de Tribás<sup>34</sup> ou Santo Estevo de Esperante<sup>35</sup>.

A maioría dos extremos decorados destes canzorros preséntanse moi pegados ao bloque cortado en caveto, co que non sería posible unha ruptura como a que apreciamos neste fragmento de Vilareda. Non obstante, noutros canzorros románicos decorados con rolos —aínda que estes presentan menos paralelos decorativos que o da peza aquí estudada— o extremo cilíndrico chega a acadar unha independencia do bloque que posibilitaría unha ruptura análoga pola súa parte posterior<sup>36</sup>.

Polo tanto, posiblemente se trate do extremo decorado dun canzorro, orixinariamente prolongado en su parte posterior por un bloque pétreo que permitiría o seu encastado nun muro.

De ser así, a súa cronoloxía coincidiría aproximadamente coa da portada da igrexa de Vilareda, finais do século XII ou principios do XIII<sup>37</sup>.



28 Para a igrexa de San Pedro de Vilareda vid. VALIÑA SAMPEDRO, E.: “Vilareda. Palas do Rei”, en VALIÑA SAMPEDRO, E., RIELO CARBALLO, N.; SAN CRISTOBAL SEBASTIÁN, S.; GONZÁLEZ REBOREDO, José Manuel: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, tomo VI, Madrid, 1983, pp. 365-367. Para a súa portada románica YZQUIERDO PERRÍN, R., 1983, p. 205.

29 YZQUIERDO PERRÍN, R., 1983, foto a de p. 269. DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, II, ilustr. 364 de p. 457.

30 YZQUIERDO PERRÍN, R., 1983, foto c de p. 362.

31 DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, V, ilustr. 283 de p. 374.

32 ÍD., III, ilustr. 272 de p. 351.

33 ÍD., IV, ilustr. 192 de p. 243.

34 ÍD., IV, ilustr. 346 de p. 432.

35 ÍD., IV, ilustr. 348 de p. 434.

36 Por exemplo, en exemplares de Santa María de Ferreira de Pallares (DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, I, ilustr. 214 de p. 355), San Tomé de Merlán (ÍD., II, ilustr. 163 de p. 203), Santa María de Pidre (ÍD., III, ilustr. 194 de p. 377), San Martiño de Prado (ÍD., III, ilustr. 329, p. 417) ou Santa María de Nogueira (ÍD., IV, ilustr. 23 de p. 35).

37 YZQUIERDO PERRÍN, R., 1983, p. 205.



### **Peza 3. Canzorro de decoración zoomorfa**

**Sección:** Arqueoloxía / Historia

**Número de rexistro de entrada:** descoñecido

**Cultura:** románica

**Data da peza:** segunda metade do século XII-primeira do século XIII

**Materia:** granito

**Dimensións:** 23,5 × 16 × 41,5 cm

**Estado de conservación:** bastante bo

**Datos descritivos e complementarios:** A peza configúrase a partir dun bloque granítico con tendencia á forma rectangular, pero con certo ensanche na zona que presenta decoración escultórica.

Un dos seus extremos rebáixase en caveto, decorándose cunha cabeza de animal de labra ruda e moi sumaria, o que fai que a especie representada é dificilmente identificable.

Os únicos trazos, apenas esbozados, que se representan nesta cabeza son os ollos, a boca e o fociño, cos seus dous orificios nasais.

**Forma de ingreso:** descoñecida

**Fonte de ingreso (procedencia):** descoñecida

**Data de ingreso:** 25 de xuño de 1975

**Conservación e restauración:** O estado de conservación deste canzorro é relativamente bo, sen grandes fracturas e pouco erosionado. Aínda así, dúas pequenas fracturas afectan os extremos desde o fociño ao queixo da cabeza do animal.

**Notas e observacións:** Estamos ante un canzorro de evidente tradición románica, que cabe considerar unha obra ruda de innegable sabor popular, de gran rusticidade e esquematismo, totalmente afastada das correntes escultóricas cultas medievais.



Os canzorros cortados en caveto con cabezas de animais nos seus extremos son omnipresentes no románico galego e lucense e a propia rusticidade e esquematismo da súa talla impiden buscar paralelos detallados para esta peza.

Ao non se coñecer a súa procedencia nin o material arqueolóxico que puidese ter asociado resulta imposible precisar unha cronoloxía que vaia máis alá da maioritaria para o románico popular de Galicia, no que en principio cabe encadrar este canzorro.

Non obstante, hai que ter en conta a longa perduración deste tipo de pezas na arte galega medieval e rexurdir dos esquemas de tradición románica no gótico galego dende o segundo cuarto do XIV<sup>38</sup>. Así, canzorros de tradición románica reaparecen, por exemplo, no claustro de San Francisco de Ourense, datado en c. 1325-c.1350<sup>39</sup>, así como na cabeceira da igrexa conventual de Santo Domingo de Lugo<sup>40</sup>.

De todas as formas, ante a ausencia de trazos escultóricos que vinculen dalgunha maneira esta peza á escultura gótica, resulta preferible encadrarla dentro do abundante románico popular galego.




**Bibliografía:** VARELA ARIAS, M.<sup>a</sup> E.: La escultura medieval en el Museo Provincial de Lugo: Ensayo de catalogación, tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1984, n.<sup>o</sup> 45, pp. 151-152.

---

38 Cando, segundo S. MORALEJO ÁLVAREZ se produce a “disolución do estilo ourensán”, que leva aparellada a recuperación de esquemas decorativos propios da arte románica e, incluso, prerrománica (MORALEJO ÁLVAREZ, S.: *Escultura gótica en Galicia (1200-1350)*, resumo de tese doutoral, Santiago de Compostela, 1975, pp. 32-33).

39 FRAGA SAMPEDRO, M.<sup>a</sup> D.; FARIÑA BUSTO, F.: O convento de San Francisco de Ourense, Vigo, 2000, p. 30. FRAGA SAMPEDRO, M.<sup>a</sup> D.: *San Francisco de Ourense. Análisis histórico-artístico de la iglesia y convento*, Ourense, 2002, p. 116.

40 De tradición románica e inspirados nos do transepto da catedral lucense considéraos MANSO PORTO, C., *Arte gótico en Galicia: Los dominicos*, 2 vols., A Coruña, 1993, p. 399.



#### **Peza 4. Canzorro de decoración antropomorfa**

**Sección:** Arqueoloxía / Historia

**Número de rexistro de entrada:** 1862

**Cultura:** románica

**Fecha de la pieza:** segunda metade do século XII-primeira do século XIII

**Materia:** granito

**Dimensións:** 17,5 × 16,5 × 33,5 cm

**Estado de conservación:** regular

**Datos descritivos e complementarios:** a peza consiste nun bloque granítico basicamente rectangular rebaixado en caveto nun dos seus extremos, no que se talla unha cabeza humana sumariamente labrada.

Os ollos e a boca están simplemente esbozados mediante incisións, mentres que o nariz e o queixo apenas resaltan o rostro, cun escaso desenvolvemento en volume. A cabeza aparece cuberta polo que podería ser unha longa melena ou ben unha carapucha.

Na parte inferior ten gravada unha cruz, probable marca de canteiro.

**Forma de ingreso:** doazón de D. Ángel Pérez Lozano, de Lugo

**Fonte de ingreso (procedencia):** ángulo dunha casa da rúa da Tinería, Lugo

**Data de ingreso:** 15 de xuño de 1952

**Conservación e restauración:** este canzorro está moi desgastado pola erosión, o que, unido ao rudo e sumario da súa talla, fai que as faccións do rostro que o remata sexan apenas apreciables.

**Notas e observacións:** de novo estamos ante unha peza de tradición románica, sen dúbida unha obra popular sen ningunha pretensión artística.

Inscríbese dentro da abundantísima serie románica de canzorros cortados en nacela decorados con cabezas humanas.


Esta peza procede da cidade de Lugo, dos muros dunha casa en pleno burgo medieval nos que se reutilizara como material de construción, carecendo polo tanto de contexto arqueolóxico claro.

A súa rudeza e esquematismo afástanos de calquera paralelo cos canzorros de decoración antropomorfa conservados *in situ* na cidade de Lugo, na catedral ou na igrexa conventual de Santo Domingo.

Podería proceder dalgunha das igrexas ou capelas citadas na cidade de Lugo pola documentación dos séculos XII e XIII, como a igrexa de San Román ou as capelas parroquiais de San Marcos, San Pedro, Santiago, ou Santa María Madalena<sup>41</sup>. Tendo en conta as datas da súa aparición na documentación, resulta probable nelas unha etapa construtiva románica nos séculos XII ou XIII, á que quizais puidese pertencer este canzorro<sup>42</sup>.

A rudeza que observamos nesta peza encaixaría ben co escaso desenvolvemento que, fronte á omnipotente catedral, observa S. Jiménez Gómez nas igrexas urbanas lucenses dos séculos do románico<sup>43</sup>.

Das capelas lucenses medievais cuxa situación coñecemos a máis próxima ao lugar de achado desta peza é a de Santa María Madalena, no barrio de Recatelo<sup>44</sup>.




**Bibliografía:** VARELA ARIAS, M.<sup>a</sup> E.: *La escultura medieval en el Museo Provincial de Lugo: Ensayo de catalogación*, tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1984, n.º 44, pp. 149-150.

41 Para estas igrexas urbanas ou suburbais vid. JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Discurso, documento y territorialización en el ámbito de la sociedad lucense del siglo XIII (1180-1302)*, tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela, 1989, p. 575 (San Marcos, citada xa no último cuarto do século XII); 578-580 (San Román); 579 (San Pedro e Santiago); 577-578 e 583-584 (Santa María Madalena de Recatelo e San Pedro de Fóra). Para a súa probable localización vid. *Íd.*, mapa 2 de p. 535. Aproveito para reiterarlle aquí ao prof. Dr. Santiago Jiménez Gómez o meu agradecemento pola súa amabilidade.

42 VARELA ARIAS, M.<sup>a</sup> E.: *Op. cit.*, pp. 149-150, trataríase dunha peza gótica, datable quizais no século XV, debido aos seus paralelos con algúns canzorros de decoración antropomorfa de Santo Domingo de Lugo. Tales paralelos non van máis alá da tipoloxía (canzorros de tradición románica cortados en nacela decorados con cabezas humanas), que carecen de calquera característica escultórica común -como presenta, por exemplo, a peza que figura como n.º 5 neste artigo- ou de trazos que a vinculen claramente ao gótico, polo que parece preferible catalogala dentro do románico popular.

43 JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Op. cit.*, p. 578: "Fronte a ela [*a catedral lucense*] as igrexas menores, se exceptuamos o caso de San Román, non reciben o apelativo de *ecclesiae* senón o de *capellae*, que acentúa a súa dependencia e minoridade".

44 JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Op. cit.*, pp. 577 e 583-584. No século XV cítase esta igrexa como "*Santa María Magdalena de Regatelo*" (PORTELA SILVA, M.<sup>a</sup> X.: *Documentos da catedral de Lugo*, Santiago de Compostela, 1998, doc. 945 (1417-VI-17), p. 81), ou "*Capela de Santa María Madalena de Recatelo*" (*Íd.*, doc. 1078 (1448-VI-14), p. 224).



### **Peza 5. Canzorro de decoración antropomorfa**

**Sección:** Arqueoloxía / Historia

**Número de rexistro de entrada:** descoñecido

**Cultura:** gótica

**data da peza:** c.1360-c.1390

**Materia:** granito

**Dimensións:** 28 × 20 × 43,5 cm

**Estado de conservación:** bo

**Datos descritivos e complementarios:** A peza foi conseguida a partir dun bloque rectangular de granito, un de cuxos extremos, a partir aproximadamente da metade do bloque, se rebaixa en caveto. A este corte en caveto superpóñense as molduras de tamaño decrecente tamén en caveto.

Sobre a segunda e máis pequena destas molduras tállase unha cabeza humana de trazos un tanto esquemáticos. Presenta unha cara redonda, ollos amendoados nos que se sinalan as pálpebras inferiores e superiores, nariz ancho, labios grosos e carnosos e meixelas ben marcadas, a diferenza das orellas, apenas esbozadas. Da súa boca parte un tubo que se une a un barrilete situado xusto baixo o queixo do personaxe, superposto á primeira moldura en nacela.

**Forma de ingreso:** descoñecida

**Fonte de ingreso (procedencia):** descoñecida

**Data de ingreso:** descoñecida

**Conservación e restauración:** a peza presenta algunhas fracturas menores, entre as que a máis visible é a que afecta o nariz da figura.

**Notas e observacións:** este canzorro continúa un tema moi frecuente entre as pezas análogas do románico en Galicia, o do “toucador de barril”. A modo de exemplo e sen ánimo de exhaustividade, na provincia de Lugo aparece en canzorros da Porta Norte da nave da catedral de Lugo, datada por

R. Yzquierdo Perrín en 1129-1150<sup>45</sup>, de Santa Mariña de Cerdeda (Taboada)<sup>46</sup>, datada cara a 1170<sup>47</sup>, de Santo Estevo de Atán (Pantón)<sup>48</sup>, de inicios do século XIII<sup>49</sup>, de Santa María de Marzá (Palas de Rei), do primeiro cuarto do XIII<sup>50</sup>, ou na de San Román de Lousada (Samos)<sup>51</sup>, do século XIII<sup>52</sup>.

Este tema románico foi interpretado de dúas maneiras contrapostas por R. Yzquierdo Perrín e por J. Delgado Gómez nos seus estudos sobre a citada Porta Norte de nave da catedral lucense. Para o primeiro destes autores estaríamos ante unha representación do pecado da gula, considerando a figura humana como a dun bebedor<sup>53</sup>. Para J. Delgado Gómez, non obstante, os canzorros da dita portada son susceptibles dunha lectura conxunta, como representación dunha escena xograresca, na que o “toucador de barril” sería un músico-cómico que toca un instrumento en forma de barrilete<sup>54</sup>.

Pese a tales paralelos románicos, a figura humana presenta un tratamento escultórico caracteristicamente gótico, cuns trazos faciais -ollos amendoados, nariz ancho e chato, labios carnosos, rostro redondeado- que foron sinalados<sup>55</sup> como representativos do que S. Moralejo Álvarez denominado período de “disolución do «estilo ourensán»” do Gótico galego (1325-1350)<sup>56</sup>. Posiblemente este tratamento escultórico, unido aos paralelismos que a autora aprecia cos canzorros da cabeceira da igrexa de Santo Domingo de Lugo, levaron a M.<sup>a</sup> E. Varela Arias considerar esta peza como gótica, datándoa no século XV<sup>57</sup>.

Estariamos ante un novo exemplo dun fenómeno ben estudado no Gótico galego no que, tras a súa definitiva introdución e consolidación na nosa terra a través do “estilo ourensán” en torno a 1300<sup>58</sup>, se produce una reintrodución de motivos decorativos anteriores a partir do segundo cuarto do século XIV<sup>59</sup>.

Na cidade de Lugo este proceso queda moi ben exemplificado na construción da xirola gótica da catedral, comezada en torno a 1308 por artífices procedentes de Ourense<sup>60</sup>. Como sinalou C. Manso Porto, os capiteis desta obra axústanse totalmente ao “estilo ourensán” nos seus inicios, pero nas últimas capelas construídas pásase a utilizar motivos mateínos,

---

45 YZQUIERDO PERRÍN, R., 1993, p. 238.

46 Vid. DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, II, p. 360 e ilustr. 284 da p. 261.

47 YZQUIERDO PERRÍN, R., 1983, p. 34.

48 Vid. DELGADO GÓMEZ, J.: *Op. cit.*, IV, ilustr. 357 de la p. 444.

49 FONTENLA SANJUAN, C.; BARRAL RIVADULLA, D.: “San Esteban de Atán. La evolución de la fábrica de un templo de la Ribeira Sacra lucense”, *Lycensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 15, vol. VII, 1997, p. 264.

50 YZQUIERDO PERRÍN, R., 1983, p. 169.

51 Vid. DELGADO GÓMEZ, J., *Op. cit.*, III, ilustracións 51 e 52 da p. 69.

52 Datación de VÁZQUEZ SACO, F.: “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas arqueológicas. Papeleta 12. Iglesia de San Román de Lousada”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, I, n.º 3, 1942, p. 81.

53 YZQUIERDO PERRÍN, R.: “La Catedral de Lugo: consideraciones sobre su construcción”, *Abrente, Revista de la Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, números 21-22, 1989-1990, p. 36; YZQUIERDO PERRÍN, R., 1993, p. 238.

54 DELGADO GÓMEZ, J.: “Una escena circense en cinco canecillos de la catedral de Lugo”, *Seminario “Fontán-Sarmiento” de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia. Boletín de Estudios del Seminario*, n.º 16, 1995, pp. 18-28; ÍD., *Op. cit.*, I, A Coruña, 1996, pp. 172-189.

55 FRAGA SAMPEDRO, M.<sup>a</sup> D.: *Op. cit.*, pp. 116 e 179.


56 MORALEJO ÁLVAREZ, S.: *Op. cit.*, pp. 32-33.

57 VARELA ARIAS, M.<sup>a</sup> E., *Op. cit.*, p. 148.

58 MORALEJO ÁLVAREZ, S., *Op. cit.*, pp. 28-31.

59 MORALEJO ÁLVAREZ, S., *Op. cit.*, pp. 32-33. MANSO PORTO, C.: *Galicia. Arte. Tomo XI. Arte medieval II*, segunda parte, A Coruña, 1993, pp. 291-292

60 MANSO PORTO, C., 1993 (2), p. 286



románicos e aínda prerrománicos<sup>61</sup>. Igualmente, obsérvase noutra obra lucense gótica relativamente temperá o desaparecido claustro gótico do convento dominico, cuxos capiteis conservados presentan unha mestura de trazos góticos con outros de evidente procedencia mateína<sup>62</sup>.

Desgraciadamente, descoñecemos a procedencia desta peza. De todas formas, o máis probable é que proveña da propia cidade de Lugo, como a gran maioría dos restos escultóricos góticos conservados no Museo Provincial de

Lugo<sup>63</sup>. De feito, os paralelos máis próximos ao canzorro que nos ocupa encóntranse na cabeceira da igrexa conventual de Santo Domingo de Lugo, en cuxos canzorros, considerados por Manso Porto de tradición románica e inspirados nos do transepto da catedral, observamos unha vez o tema do “toucador de barril”, no muro sur da capela absidal do Evanxeo, aínda cunha talla máis ruda e menos detallada<sup>64</sup>. Na cabeceira dominicana non só está presente o mesmo tema, senón que os seus canzorros, polo menos os das capelas do Evanxeo e da Epístola<sup>65</sup>. Resultan especialmente próximos ao que nos ocupa, polo seu tamaño e proporcións, así como pola presenza da mesma dobre moldura en nacela á que se superpón o tema escultórico. Ademais, tanto no canzorro desta capela que presenta o mesmo tema do “toucador de barril” como, sobre todo, no resto dos figurados, observamos un mesmo tratamento escultórico dos rostros, cuns trazos faciais idénticos aos referidos para a nosa peza.

Esta capela absidal foi considerada por Manso Porto como unha obra do “Taller Lucense I”<sup>66</sup>, datable en c. 1375 - c. 1380<sup>67</sup>. O característico tratamento escultórico dos trazos faciais do rostro do “toucador de barril” deste canzorro tamén pode ser considerado como característico deste taller, con evidentes analoxías moi próximas con algunhas das súas obras como, por exemplo, un capitel procedente do desaparecido convento de Santa María A Nova de Lugo<sup>68</sup>.

Polo tanto, moi posiblemente haxa que considerar este canzorro como unha obra do dito taller, datándoo durante o período da súa actividade (c. 1360 - c. 1390).

---

61 MANSO PORTO, C., 1993 (2), pp. 284 e 286-288.

62 MANSO PORTO, C., 1993 (1), p. 404. CABARCOS FERNÁNDEZ, I.: *Bases, fustes e capiteis. Catálogo de elementos columnarios medievais no Museo Provincial de Lugo*, Lugo, 2005, pp. 109-123.

63 No caso da rica colección de elementos columnarios -bases e capiteis- góticos deste museo, todas as pezas góticas de procedencia coñecida proveñen da propia cidade, vid. CABARCOS FERNÁNDEZ, I., *Op. cit.*, pp. 104-185.

64 De todas as formas, a erosión pode ter algo de responsabilidade neste maior esquematismo, desdubuxando as faccións e os detalles.

65 Datadas por MANSO PORTO, C., 1993 (1), p. 395, en 1375-1380 e 1380-1390, respectivamente. Para esta autora (pp. 393-395) a capela central, en obras desde 1360-1363, sería a primeira realizada. Os seus canzorros, aínda dentro dun mesmo estilo, presentan algunhas diferenzas cos das capelas laterais, pola súa talla menos minuciosa, as súas menores proporcións e pola súa maior preferencia polos temas xeométricos e vexetais.

66 Para os dous talleres lucenses identificados e estudados por esta autora, as súas obras e o seu período de actividade vid. MANSO PORTO, C.: “La arquitectura medieval de la Orden de los Predicadores en Galicia”, *Archivo Dominicano*, XI, 1990, pp. 24-25; MANSO PORTO, C., 1993 (1), pp. 101-103; MANSO PORTO, C., 1993 (2), pp. 352-354.

67 MANSO PORTO, C., 1993 (1), pp. 1392-1395.

68 CABARCOS FERNÁNDEZ, I., *Op. cit.*, peza n.º 27, pp. 125-128.

Tendo en conta a xeografía das obras coñecidas deste taller (que traballou en Lugo na catedral e nos conventos de San Francisco, Santo Domingo<sup>69</sup> e Santa María A Nova<sup>70</sup>, así como na igrexa de Santa María Madalena de Sarria<sup>71</sup>), a posibilidade de que a peza aquí estudada proceda da cidade de Lugo cobra unha gran fiabilidade.

De ser así, esta peza debeu formar parte dalgún dos edificios relixiosos góticos lucenses documentados, pero desaparecidos tras as reformas da Idade Moderna, como as igrexas conventuais de Santo Domingo<sup>72</sup> ou Santa María A Nova<sup>73</sup>. De todas as formas, non cabe desbotar a posibilidade de que algunha das igrexas ou capelas parroquiais citadas na documentación lucense dos séculos XIV e XV —San Román, San Pedro, Santiago, San Marcos e Santa María Madalena<sup>74</sup>—, das que non conservamos hoxe ningún rastro, tivesen algunha etapa construtiva gótica da que puidese proceder este canzorro<sup>75</sup>.

---

69 MANSO PORTO, C., 1990, pp. 26-27; MANSO PORTO, C., 1993 (1), pp. 101-102 e apéndice IV da p. 102; MANSO PORTO, C., 1993 (2), pp. 352-354.

70 CABARCOS FERNÁNDEZ, I., *Op. cit.*, pp. 125-132.

71 MANSO PORTO, C., 1990, p. 26; MANSO PORTO, C., 1993 (1), p. 102; MANSO PORTO, C., 1993 (2), p. 352.

72 Da súa fábrica gótica só queda hoxe a cabeceira, polo que quizais o noso canzorro lle pertencera á súa nave, totalmente reformada en 1675-1680 (MANSO PORTO, C., 1993 (1), p. 398), aínda que só, de non ser certa a conxectura de Manso Porto da construción da nave e o transepto no período 1303-1348, antes pois do inicio da actividade do “Taller Lucense I” (MANSO PORTO, C., 1993 (1), pp. 392 e 394). Precisamente, os canzorros conservados *in situ* no transepto dominicano, de sinxelo tema xeométrico máis en liña cos da igrexa conventual de San Francisco de Lugo, presentan grandes diferenzas cos da cabeceira e o ciborio, polo que, de seren iguais os da desaparecida nave gótica, a procedencia desta da nosa peza sería complicada.

73 MANSO PORTO, C., 1993 (1), pp. 393 e 610, considera probable a participación do “Taller Lucense I” na obra deste convento, dadas as datas documentadas para os traballos da súa construción. Esta participación pódese considerar probada grazas á identificación dalgúns restos claramente vinculables a este taller e procedentes deste convento (CABARCOS FERNÁNDEZ, I., *Op. cit.*, pp. 125-132). Para a construción de fábrica barroca hoxe conservada deste desaparecido convento vid. VILA JATO, M.ª D.: *Lugo barroco*, Lugo, 1989, pp. 104-116.

74 PORTELA SILVA, M.ª X., *Colección diplomática de la catedral de Lugo. Siglos XIV y XV*, tese de doutoramento inédita, 8 tomos, Universidade de Santiago de Compostela, 1992: San Román (docs. 57, 860, 1167, 1190, 1193); San Pedro (docs. 75, 77, 127, 243, 337, 365, 383, 384, 422, 436, 441, 442, 461, 493, 527, 528, 541, 572, 614, 762, 770, 793, 794, 811, 837, 904, 915, 919, 920, 921, 932, 933, 937, 955, 974, 982, 988, 989, 990, 996, 1002, 1007, 1010, 1012, 1016, 1080, 1083, 1085, 1086, 1088, 1111, 1112, 1134, 1135, 1137, 1152, 1154, 1170, 1201, 1204, 1214, 1219, 1223, 1237, 1269, 1345, 1354, 1357, 1395); Santiago de Compostela (docs. 75, 274, 314, 325, 327, 328, 331, 344, 351, 359, 373, 378, 380, 382, 384, 447, 448, 449, 461, 493, 528, 558, 572, 574, 581, 616, 696, 699, 737, 739, 759, 761, 768, 769, 785, 799, 809, 818, 829, 842, 881, 934, 950, 951, 955, 960, 967, 971, 973, 975, 980, 1008, 1009, 1014, 1021, 1046, 1051, 1086, 1094, 1095, 1100, 1108, 1110, 1114, 1119, 1121, 1122, 1131, 1140, 1142, 1145, 1157, 1158, 1160, 1167, 1183, 1184, 1189, 1192, 1193, 1194, 1203, 1209, 1211, 1215, 1218, 1220, 12222, 1238, 1308, 1326, 1340, 1346, 1350, 1351, 1396); San Marcos (docs. 2, 223, 254, 370, 703, 889, 956, 957, 997, 1001, 1020, 1015, 1241, 1242, 1312, 1346); Santa María Madanela (docs. 66, 422, 945, 1078, 1240).

75 Aparecen xa citadas no século XIII, vid. JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Op. cit.*, pp. 577-584, polo que cabe considerar a súa primeira construción como anterior ao gótico.

## Bibliografía citada

CABARCOS FERNÁNDEZ, I.: *Bases, fustes e capiteis. Catálogo de elementos columnarios medievais no Museo Provincial de Lugo*, Lugo, 2005.

DELGADO GÓMEZ, J.: “Una escena circense en cinco canecillos de la catedral de Lugo”, *Seminario “Fontán-Sarmiento” de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia. Boletín de Estudios del Seminario*, n.º 16, 1995, pp. 18-28.

DELGADO GÓMEZ, J.: *El románico de Lugo y su provincia*, tomos I-V, A Coruña, 1996-2005.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, A.: *O mosteiro feminino de San Miguel de Bóveda na Idade Media. Estudo histórico e colección documental (séculos XII-XV)*, Noia, 2005.

FONTENLA SANJUAN, C.; BARRAL RIVADULLA, D.: “San Esteban de Atán. La evolución de la fábrica de un templo de la Ribeira Sacra lucense”, *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 15, vol. VII, 1997, pp. 251-266.

FRAGA SAMPEDRO, M. D.: *San Francisco de Ourense. Análisis histórico-artístico de la iglesia y convento*, Ourense, 2002.

FRAGA SAMPEDRO, M. D.; FARIÑA BUSTO, F.: *O convento de San Francisco de Ourense*, Vigo, 2000.

GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.); CALVO DOMÍNGUEZ, M. (coord.): *La Ribeira Sacra: esencia de espiritualidad de Galicia*, Santiago de Compostela, 2004.

JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Discurso, documento y territorialización en el ámbito de la sociedad lucense del siglo XIII (1180-1302)*, tese doutoral inédita, Santiago de Compostela, 1989.

LORENZO FERNÁNDEZ, J.: “La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós”, *Boletín Avriense*, ano I, Ourense, 1971, tomo I, pp. 75-110.

MANSO PORTO, C.: “La arquitectura medieval de la Orden de los Predicadores en Galicia”, *Archivo Dominicano*, XI, 1990, pp. 5-67.

MANSO PORTO, C.: *Arte gótico en Galicia: Los dominicos*, 2 vols., A Coruña, 1993.

MANSO PORTO, C.: *Galicia. Arte. Tomo XI. Arte medieval II*, segunda parte, A Coruña, 1993.

MORALEJO ÁLVAREZ, S.: *Escultura gótica en Galicia (1200-1350)*, resumen de tese de doutoramento, Santiago de Compostela, 1975.

RIVAS FERNÁNDEZ, X. C.: “Algunas consideraciones sobre el prerrománico gallego y sus arcos de herradura geminados”, *Boletín Avriense*, ano I, Ourense, 1971, tomo I, pp. 61-125.

RIVAS FERNÁNDEZ, X. C.: “Vestigios prerrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios orensanos”, *Boletín Avriense*, ano XI, Ourense, 1981, tomo XI, pp. 49-100.

RIVAS FERNÁNDEZ, X. C.: “Ménsula prerrománica de rollos verticais”, en GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.); CALVO DOMÍNGUEZ, M. (coord.): *La Ribeira Sacra: esencia de espiritualidad de Galicia*, Santiago de Compostela, 2004, pp. 354-355.

NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M.: *Historia da arquitectura galega. Arquitectura prerrománica*, Madrid, 1978.

PORTELA SILVA, M.ª X.: *Colección diplomática de la catedral de Lugo. Siglos XIV y XV*, tese de doutoramento inédita, 8 tomos, Santiago de Compostela, 1992.

PORTELA SILVA, M.ª X.: *Documentos da catedral de Lugo*, Santiago de Compostela, 1998.

VALIÑA SAMPEDRO, E.; RIELO CARBALLO, N.; SAN CRISTOBAL SEBASTIÁN, S.; GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, tomos I-VI, Madrid, 1975-1983.



VARELA ARIAS, M.<sup>a</sup> E.: *La escultura medieval en el Museo Provincial de Lugo: Ensayo de catalogación*, tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1984.

VÁZQUEZ SACO, F.: “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas arqueológicas. Papeleta 12. Iglesia de San Román de Lousada”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, tomo I, n.º 3, 1942, pp. 80-81.

VÁZQUEZ SACO F.: “Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas Arqueológicas. Papeleta 108. Iglesia parroquial de Santa María de Marzá”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo*, tomo IV, n.º 33, 1950, pp. 31-33.

VILA JATO, M.<sup>a</sup> D.: *Lugo barroco*, Lugo, 1989.

YZQUIERDO PERRÍN, R.: *La arquitectura románica en Lugo. Parroquias al Oeste del Miño*, A Coruña, 1983.

YZQUIERDO PERRÍN, R.: “La Catedral de Lugo: consideraciones sobre su construcción”, *Abrente, Revista de la Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, números 21-22, 1989-1990, pp. 7-51.

YZQUIERDO PERRÍN, R.: *Galicia. Arte. Tomo X. Arte medieval I*, A Coruña, 1993.